

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda, por medio da súa deputada Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do recollido no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa a aprobación pola autoridade portuaria de Ferrol – san Cibrao da prórroga da concesión a Reganosa.

Exposición de motivos

Con data 24 de xuño do 2015, o consello de administración da autoridade portuaria de Ferrol – san Cibrao aprobou unha prórroga do prazo concesional da concesión C-493-1 cuxo titular é Regasificadora del Noroeste S.A. para o uso de construción e explotación dunha planta de almacenamento e regasificación de gas natural licuado, por un período de 15 anos.

Como xa razonamos en diversas iniciativas previas, a planta de gas de Reganosa constitúe unha pesada e perigosa herdanza da vella política que vencella e subordina ao poder público aos intereses económicos privados. Para mostra as estipulacións do convenio secreto asinado entre outros pola Xunta de Galicia para dar sostén a este negocio. Nese texto xa quedaba en evidencia que a viabilidade económica do proxecto tiña como condición a obtención de axudas e subvencións públicas, outrosí da asuncións de compromisos inaceptables por parte da Xunta, toda vez que prexudican o interese xeral.

Na propia Comisión de Peticións do Parlamento Europeo hai un procedemento aberto contra este capítulo da trama que relaciona e subordina o poder político cos negocios privados.

Planta de gas que cómpre lembrar supón un grave risco para a vida e a seguridade da poboación da contorna da ría de Ferrol. Planta de gas que acumula varias sentenzas en contra a causa de infraccións urbanísticas. Planta de gas que comporta un oneroso custo para as arcas públicas. Planta de gas cuxo funcionamento demostra que é unha instalación superflua, que funciona moi por baixo das súas previsións.



Xa que logo, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate no Pleno:

- O Parlamento Galego insta á Xunta a denunciar o convenio de colaboración asinado en xullo do ano 2000.
- O Parlamento Galego insta á Xunta a desenvolver as xestións oportunas para desmantelar a planta de gas de Reganosa.

En Compostela, a 23 de outubro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 23/10/2015 11:12:33